

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 8, 21-30

Naquel tempo, díxolles Xesús ós fariseos:

– «Eu voume e habédesme buscar e morreredes no voso pecado: onde eu vou, non podeades vir vosoutros.»

Dicían entón os xudeus:

– «¿Irase matar, porque di: "onde eu vou, vosoutros non podeades vir vosoutros"?»

El seguiuilles dicindo:

– «Vós sodes de aquí abaixo, eu son de alá arriba; vós sodes deste mundo, eu non son deste mundo. Díxenvos que habedes morrer nos vosos pecados; como non creades que "Eu son", morreredes nos vosos pecados.»

Preguntáronlle eles:

– «¿Pero, logo, ti quen es?»

Xesús contestoulles:

– «O que vos veño dicindo desde o comezo. Moito tería que falar de vós e xulgalo; mais quen me mandou é veraz e eu só lle digo ó mundo o que lle oín a El.»

Pero eles non coñeceron que lles falaba do Pai. Entón Xesús continuou:

– «Cando ergades o Fillo do Home, entón comprenderedes que "Eu son", e que non fago nada pola miña conta, senón que falo do que o Pai me ensinou. E quen me mandou está comigo: non me deixou só, pois eu fago sempre o que a El lle agrada.»

Ó dicir estas cousas, moitos creron nel.